



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 21 DE ABRIL DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña. Teresa Perez Vieira
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a vinteun de abril de dous mil oito, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as dez horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS RECLAMACIONS E APROBACION
DEFINITIVA DO PRESUPUESTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA 2008.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da conta do seu informe así como da Proposta da Alcaldía ó respecto:

“En sesión plenaria de 14.4.08 se aprobó inicialmente el Presupuesto General del Ayuntamiento de Baiona para el año 2008.

Con fecha 27.3.08 se publica dicho acuerdo inicial en el B.O.P. nº 59 de 27.3.08 para cumplimiento del trámite de exposición pública por un plazo de 15 días hábiles hasta el día 14.4.08, inclusive.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Durante el plazo de exposición pública se presentaron las siguientes alegaciones:

- R.E. nº 2085, de 27/03/08, por ROSA PIÑEIRO GONZÁLEZ, funcionaria de este Concello, solicitando una revisión salarial.
- R.E. nº 2368, de 10/04/08, por los funcionarios del servicio de policía local: MANUEL CABRERA VILAR, JOAQUIN GOCE RATEL, JOSE MANUEL GONZÁLEZ DENIS, GUILLERMO DURÁN FERNÁNDEZ, JOSE COSTAS NAVOS, FERNANDO GOMEZ FERREIRA, BERNARDO MINIÑO FORTES y PLACIDO VIEITEZ PÉREZ, solicitando una revisión salarial.

- Fuera del plazo de exposición pública, el día 15/04/08, R.E. nº 2494, se presentan por Jerónimo Fernández Vicente, Responsable del Sector de la Administración Local del Sindicato CC.OO, alegaciones al presupuesto.

A la vista de esas alegaciones cabe señalar:

1º. Respecto a la reclamación presentada por Jerónimo Fernández Vicente, Responsable del Sector de la Administración Local del Sindicato CC.OO, está fuera del plazo de exposición pública, dado que éste finalizaba el día 14/04/08, por lo que debe declararse su inadmisibilidad por extemporánea

2º. Respecto a las otras dos reclamaciones, están legitimados para presentarlas, dado que, al ser funcionarios del Concello, resultan directamente afectados por el Presupuesto y los créditos que en él se incluyen.

En cuanto a los motivos de impugnación, ambas reclamaciones solicitan que el incremento de 20 € en el complemento específico de los funcionarios y en el sueldo de los laborales fijos de los operarios de los servicios de vías y obras, electricidad, parques y jardines, mantenimiento de instalaciones náuticas y medio ambiente, que se recoge en el presupuesto, se aplique también a ellos

Como puede observarse la alegación no se basa en ninguno de los supuestos del artículo 170.2 antes citado, por lo que, a tenor del mismo, procede desestimar las alegaciones presentadas por Rosa Piñeiro González y por los funcionarios del servicio de policía local señalados en los antecedentes.

Como consecuencia procede ahora la adopción de los siguientes acuerdos:

1º. La inadmisibilidad por extemporánea de la reclamación presentada el 15/04/08, R.E. nº 2494 por el Sindicato C.C.O.O.

2º. Desestimar las alegaciones presentadas por Rosa Piñeiro González, R.E. nº 2085, de 27/03/08 y por los funcionarios del servicio de policía local: Manuel Cabrera Vilar, Joaquín Goce Ratel, José Manuel González Denis, Guillermo Durán Fernández, José Costas Navós, Fernando Gómez Ferreira, Bernardo Miniño Fortes y Placido Vieitez Pérez, R.E. nº 2368, de 10/04/08, al no basarse ambas en ninguno de los supuestos del artículo 170.2 del TRLHL.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

3º. Aprobar definitivamente el Presupuesto General del Concello de Baiona para 2008 y ordenar su remisión al B.O.P. para su publicación”.

SR.LORES, PSOE.- Para o partido socialista este Pleno non fai máis que confirmar o que xa dixemos no Pleno de aprobación dos Orzamentos onde comentabamos que os orzamentos presentados polo equipo de goberno para este exercicio non respondía ós intereses dos veciños de Baiona, que non estaba pensado para mellorar a calidade de vida dos veciños, e polo que vemos agora tampouco á dos traballadores, que tamén son veciños; non se sinten a gusto e non se sinten respaldados nestes Orzamentos, polo tanto isto non fai máis que confirmar aquel rexeitamento que fixemos ós orzamentos naquel momento onde tamén decíamos que o único que pretendía o equipo de goberno era mantér, única e exclusivamente, as infraestructuras do seu equipo, dos seus asesores, e dos seus concelleiros; polo tanto falabamos xa que se adicaba a mesma cantidade á Educación que a Organos de Goberno. Isto como introducción xenérica a estas alegacións.

Despois nós queremos entrar xa en cada unha delas; primeiro, entendemos que hai un grupo de traballadores que se sinten discriminados por eses 20 euros no complemento de destino que si se van incrementando durante 5 anos pasarían a ser 100 euros, polo tanto non entendemos como un colectivo que tamén está traballando na rúa non ten dereito a este complemento. Polo tanto nós vamos a votar a favor deses traballadores, vamos a votar a favor das alegacións, entendendo que é un dereito que teñen eles porque hai unha discriminación.

Por outra banda, as alegacións feitas por CCOO indudablemente están fora de tempo polo tanto non entrarían como alegacións a este Orzamento, pero o que nós non compartimos é esta especie de carpetazo que se lle quer dar a unha problemática profunda que existe no Concello de Baiona con tódolos traballadores, como se explica dunha forma detallada, moi ben argumentada, por parte do Sindicato maioritario dos traballadores do Concello. Aquí fálase de horas extras, das diferencias que hai entre os distintos traballadores, é dunha forma case arbitraria de dar os distintos incentivos e gratificacións. Polo tanto entendemos que independentemente de que isto sexa fora de tempo debería tratarse por parte do equipo de goberno; debería haber máis sensibilidade nestes temas, e o que xa si esiximos dunha vez por todas é que se deixe de falar do famoso Convenio (que xa é o 3º Orzamento que se fala dél) que ó final non se dá rematada esta firma dese Convenio; nós entendemos que non se pode dar carpetazo a unha problemática profunda que estése a vivir neste Concello.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Dende logo botamos en falta unha xustificación do porqué se deben votar en contar estas alegacións, non pola parte técnica, senón polo equipo de goberno. O equipo de goberno neste caso está moi caladiño e creo que debера de xustificar o voto en contra e non o fai, non sei si porque está valeiro de argumentos ou cal é o motivo. En todo caso decirlle Sr.Alcalde que efectivamente as alegacións presentadas por C.C.O.O. están fora de tempo pero que é malo pasar o rodillo tantas veces seguidas nun Pleno e ó final isto pode traer consecuencias políticas graves para este Concello, no eido de que estamos falando de todo o persoal afectado, todo o persoal do Concello, 166 persoas máis ou menos, e creo que é convinte de vez en cando deixar de pasar o rodillo e sentarse a negociar, pero non dende unha postura de prepotencia como está facendo agora mesmo o goberno, non só nos Plenos senón tamén nas mesas de negociación, e que debe ter en conta as inxedanzas e as reclamacións dos traballadores. Non vamos a entrar nas alegacións en sí xa que as de C.C.O.O. son fundamentalmente técnicas, pero tamén son políticas, evidentemente, e deberan estudiarse detenidamente aínda que se haxan entregado fora de prazo, xa que, como todos sabemos, en moitísimas ocasións incluso o Concello ten feito alegacións fora de prazo e se teñen admitido por outros Organismos; polo tanto creemos que este non é o modo máis axeitado de traballar e nos gustaría que o responsable da área nos dixera cales foron os motivos fundamentais do rexeitamento destas alegacións que presentan estas 3 partes.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- O que sí temos moi claro é que ningunha das alegacións se sustenta en algo para ser aceptadas; este goberno ven traballando cunha perspectiva de pasado e de futuro, e de igual xeito que nos presupostos anteriores lle tocaron melloras ó Corpo da Policía, agora era lóxico que lle correspondese ós operarios de Vías e Obras, electricidade, parques e xardíns, instalacións náuticas, e medio ambiente, polo tanto estes 20 euros son o compensador podíamos dicir, non discriminación, senón que nos exercicios anteriores non se contemplaron melloras para estes traballadores por razóns de imposibilidade económica, e que se contempren este ano é algo lóxico e entra dentro do que nós tiñamos dalgún xeito planificado. A proba está que si miramos aquí o salón de Plenos non hai ningún traballador que veña motivado por esta reclamación; penso que é unha reclamación que non se sustenta, non ten unha base para poder nós aceptála. E que conste que nun futuro estamos abertos a melloras con tódolos traballadores, sempre co márxes que permita a lei, aquí non nos debemos olvidar que vamos ata unha crise económica importante, e esperemos que o goberno do Estado nos de axudas ós Concellos para que dalgún xeito repercuta nos propios traballadores; esperemos que tamén a Xunta de Galicia poida mellorar a infraestrutura económica dos Concellos abordando unha serie de servizos que cada vez nos resultan máis complicados. Non obstante entendemos que estas reclamacións non se sustentan, que a subida dos 20 euros foi ós colectivos máis desfavorecidos, que repito, eran Vías e Obras, electricidade, parques e xardíns, instalacións náuticas, e medio ambiente, polo tanto creemos que hai que desestimar estas alegacións para que o presuposto entre en vigor o antes posible. Estamos a favor de desestimálas.

SR.ALCALDE.- Aclarar tamén que hai unha subida, como marca a normativa, que é o IPC; e no Corpo da Policía, que maioritariamente presenta un escrito da mesa de negociación con tódolos Sindicatos, C.C.O.O., UXT, e demais Sindicatos, se chega a propostas por partes sindicais, e propostas, lóxicamente, do goberno, e concretamente a Policía acaba de pasar un período de cambio de grupo, cambio de tódolos axentes de Policía, co incremento que iso conleva en canto a horas extras, a cantidade económica é superior, e tamén un incremento de 1 punto no complemento de destino para todo o Corpo da Policía, ¿porqué?, porque lóxicamente agora, ó cambiar de grupo, estaba no máximo no grupo anterior pero quedou baixo con respecto ó grupo anterior; polo tanto entendemos que as melloras chegan a tódolos traballadores, e de forma especial, como decía Manolo Vilar, este ano un pouco máis a aqueles que outros anos non tiveron ningunha mellora, ben porque no seu grupo o complemento está xa ó máximo ou por algunha outra razón.

Decir que hai un tema fundamental dentro do Presuposto a nivel de persoal, que lóxicamente aquí non se alega pero que foi unha aposta importante, que é a oferta pública de emprego, a máis importante da historia do Concello de Baiona; non so se queren melloras económicas (que cando se poden facer, tamén) senón que o que se quer é dar estabilidade a unha serie de colectivos que non estaban digamos cun contrato estable, e que a idea é que Baiona teña unha plantilla de inverno máis estable, aínda que lóxicamente cos picos de cobertura laboral que esixe o período de verán, para que que o resto do ano o colectivo de traballadores sexa o máis estable posible.

SR.LORES, PSOE.- En primer lugar dicir que non estamos en contra de que os operarios de Vías e Obras cobren este complemento, tratan de derivar o tema decindo que se está favorecendo a outros traballadores; nós estamos completamente de acordo en que tódolos operarios de Vías e Obras que traballan no exterior, que son a totalidade, teñan ese complemento; o que non nos parece ben son esas decisións arbitrarias de que un mesmo complemento que é por traballar fora, que a uns se lles aplique e a outros non; esta parécenos que é unha decisión pouco xusta e que crea unha serie de agravios que se contemplan nestas alegacións.

Por outra banda comentarlle a Manolo Vilar que o feito de que non haxa traballadores aquí neste Pleno non significa que non teñan dereitos, eles fixeron as alegacións polo conducto regulamentario, que foi presentadoas, agora estarán nos seus traballos ou estarán onde consideren, pero a norma que teñen que cumprir é presentar as alegacións e nós aquí debatílas, independentemente de que estén presentes ou non estén. Rematar decindo que vamos a votar a favor destas alegacións.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- A proposta non é de votar as alegacións senón de aprobación definitiva dos Orzamentos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Coa aclaración do Alcalde xa está esgotada a posibilidade de que votemos a favor do presuposto.

Sr.Vilar, eu non sei si vostede lle deu autorización ós traballadores para faltar ó traballo e asistir ó Pleno, seguro que non; en todo caso o que puideron facer vostedes é celebrar o Pleno ás 8 da tarde e ao mellor estarían aquí.

Evidentemente hai melloras, pero melloras moi cativas pensamos nós, para os traballadores de Vías e Obras, limpeza, e demáis; houbo melloras para a Policía no seu tempo, e tamén houbo melloras (as máis importantes de todas) para os traballadores do Concello que máis cobraban, esas foron as melloras máis importantes, iso tamén hai que decílo. Os 20 euros neste caso foron, decía vostede, para os colectivos máis desfavorecidos, e é bastante cativo xa que creo recordar que eran 50 ou 60 euros o que solicitaban eles; hai outra cuestión importante que non recollen os orzamentos, que é que hai unha sentenza das horas extras da Policía e creo que non son recollidas, pero decía o Alcalde fai un momentíño, creo que estaba equivocado, que o maior contrato da historia en oferta de traballo era o deste ano por parte deste goberno, neste Concello, e eu quero recordarlles que o goberno BNG-PSOE que estivo en Baiona fixo que 20 traballadores deste Concello pasaran a ter un contrato en mínimas condicións, polo menos, cando algúns deles levaban 8 ou 10 anos traballando de maneira precaria; ese foi o contrato máis grande da historia deste Concello e o fixo o goberno do BNG e do PSOE.

En todo caso nós creemos que as prazas que vostedes convocan son para seguir regulando contratos que xa están ocupados, ou sexa, postos laborais que xa están ocupados, e que evidentemente se lles debe dar unha saída legal e aceptable, pero iso non vai a quitar que as horas extras en Baiona se sigan facendo na mesma cantidade na que se están facendo a día de hoxe, e evidente que a situación neste Concello non é a adecuada con respecto ó persoal, fai falta máis xente, fai falta máis plantilla, e iso se resolve cun orzamento adicado a persoal e cubrindo as prazas necesarias para que deixe de haber a burrada de horas extras que se están realizando, tódolos anos, prazas que ademáis son necesarias na maioría dos casos. Nós non decimos que non haxa que facer estes traballos, ó contrario, haberá que facélos, pero con persoal debidamente contratado e cun posto regulado e recollido nos orzamentos.

Polo tanto non creemos que estén facendo vostedes unha política adecuada, e en iso se orientaban algunhas das alegacións das que van a votar vostedes en contra, por parte de C.C.O.O., que eu creo que se debían estudar profundamente e se deberan de aceptar na medida do posible sobre todo pola parte política; quizás na parte técnica estén eles confundidos ou equivocados, ou quizá sexa a Interventora deste Concello quen estea confundida, non o sei, eu non quero entrar nesas cuestións técnicas porque as descoñezo, pero no plano político creo que se deberan retomar esas posturas e estudiálas e na medida do posible recollélas neste Orzamento, que o final de contas non vai a contentar a máis que ós membros do goberno, porque está visto que os colectivos laborais deste Concello ningún vai a quedar conforme: nin ós que lle subiron os 20 euros, nin os que non lle suberon nada.

Para nós este Orzamento está nas mesmas condicións que o primer día e o vai a seguir estando.

SR.VILAR, CMÑ.- Non ía intervir máis, pero en vista da intervención do Sr.Fernández como gran salvador dos traballadores, teño que dicir que creo que o que non sabe o Sr.Fernández é que a ese grupo de traballadores o importante non era deixálos, como xa estaban practicamente, senón metelos como os metimos nós a traballar despois de ter uns contratos como eran para facer as rúas, e llos fumos prorrogando, incluso chegou un momento que xa non fixemos contratos para que quedaran fixos, porque de feito xa habían demostrado sua capacidade diariamente; e quero decirlle ó Sr.Fernández que o feito de que quedaran fixos non foi unha decisión do goberno do PSOE-BNG senón que foi decisión de toda a Corporación que tomamos un acordo para que estes traballadores quedasen fixos, que as veces non foi fácil porque había unha serie de informes de Intervención, de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Secretaría, que eran bastante negativos, pero foi vontade de toda a Corporación que se quedasen fixos; o goberno naquel momento executou unha medida de consenso na que xa viñamos traballando nós os anos anteriores, esa é a realidade Sr.Fernández, con relación a eses traballadores que vostede presume; o período de tempo que estiveron aquí lles consolidaba uns dereitos, e esa foi a perspectiva que nós habíamos feito: "a única forma de que entren é que consoliden dereitos no tempo", e con esa perspectiva se fixo, pero foi un acordo de toda a Corporación, non foi un acordo do Sr.Fernández.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto en 3 apartados.

1º.- O Sr.Alcalde somete a votación a inadmisibilidad por extemporaneidade da reclamación ós Orzamentos presentada polo Sindicato C.C.O.O., resultando: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ); fronte a 8 votos en contra (6,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

- DECLARAR INADMISIBLE POR EXTEMPORANEIDADE A RECLAMACION PRESENTADA POLO SINDICATO C.C.O.O.

2º.- O Sr.Alcalde somete a votación a desestimación das alegacións presentadas por Rosa Piñeiro González, e polos funcionarios da Policía local: Manuel Cabrera Vilar, Joaquín Goce Ratel, José Manuel González Denis, Guillermo Durán Fernández, José Costas Navós, Fernando Gómez Ferreira, Bernardo Miniño Fortes e Placido Vieitez Pérez, ó non basearse en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLHL, resultando: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 8 votos en contra (6,PSOE, 2, BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

DESESTIMAR AS DEVANDITAS ALEGACIONES.

3º.- Polo Sr.Alcalde sometese a votación a APROBACION DEFINITIVA DO PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA 2008 e a orde da remisión ó B.O.P. para sua publicación, resultando: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 8 votos en contra (6,PSOE, 2, BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- a) APROBAR DEFINITIVAMENTE O PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA 2008.**
- b) Ordear a sua remisión ó B.O.P., para sua publicación.**

—

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.